



MAXIA





O Mago Paco

Xoga e Maxia

Chega unha nova proposta os escaerios. Dinámica, participativa e sobre todo “alucinante”. Nesta ocasión, O Mago Paco encarna a figura de presentador do prestixioso programa “Xoga e Maxia” onde a través de probas, os e as participantes competirán para levarse as súas casas algun que outro agasallo. Realidade ou ficción? ata onde estarán chegarán para conseguir o seu propósito? Haberá premios para todos e todas as participantes?

Un concurso único, dotado de premios imposibles onde non existen gañadores nin gañadoras, se non participantes que non saberán a que proba terán que afrontarse para intentar levarse un agasallo.

Ficha artística

Elenco Francisco Otero “Mago Paco”

Nome do espectáculo Xoga e maxia

Modalidade artística Maxia, humor.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior

A COMPAÑÍA

Francisco Otero "O Mago Paco" é un mago especialista en maxia infantil. O seu traballo como animador infantil levouno ó recurso da maxia. A partir dese momento, a maxia e o teatro dirixiron a súa traxectoria laboral e artística, formándose en diversos cursos de teatro, maxia e clown, ata se converter no gran profesional que é hoxe en día.



VIDEO



DOSSIER

O Mago Paco

HOCUS POCUS

Unha **proposta diferente** e moi **participativa**, chea de complicidade entre o mago e o seu público, que vivirá momentos ilusionantes, divertidos, loucos, emotivos e sobre todo, inesquecibles.

Preparate as vosas mellores gargalladas porque comezamos!!!

Seguindo a súa tónica de humor, **O Mago Paco** ofrécenos unha vez máis un espectáculo de maxia infantil cheo de **risas, cor e moitas sorpresas**.

A maxia do Mago Paco caracterízase pola posta en escena de **elementos visuais** e moi rechamantes que provocan unha **dinámica constante** sobre o escenario. Deste xeito, **ningún espectáculo é igual**, todo depende da resposta do público, sobre todo das cativas, xa que é un espectáculo pensado por e para elas. Poderán xogar, rir, brincar, actuar... formando parte activa do seu fantástico mundo, cheo de emocionantes aventuras.

A COMPAÑÍA

Francisco Otero "O Mago Paco" é un mago especialista en **maxia infantil**. O seu traballo como animador infantil levouno ó recurso da maxia. A partir dese momento, a maxia e o teatro dirixiron a súa traxectoria laboral e artística, **formándose en diversos cursos de teatro, maxia e clown**, ata se converter no gran profesional que é hoxe en día.



VIDEO



DOSSIER

Ficha artística

Elenco Francisco Otero "O Mago Paco"

Nome do espectáculo *Hocus Pocus*

Modalidade artística Maxia, Humor e Clown.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 70 min

Ubicación Espazo interior ou exterior



Ficha artística

Elenco Francisco Otero "O Mago Paco"
Nome do espectáculo *Patapatún tun tun!*
Modalidade artística Maxia, Humor, Clown
Público ao que vai dirixido Primeira infancia (1-4)
Idioma Galego
Duración do espectáculo 45 min
Ubicación Espazo interior

O Mago Paco

PATAPATÚN TUN TUN !!

Neste divertido espectáculo, O Mago Paco mostra a súa faceta máis tenra para achegar o mundo da maxia ós nenos e nenas máis cativas a través de xogos, disfraces, cancións, bonecos e historias.

De súpeto, todo ten maxia. Todo é maxiaaaa!!! Só hai que berrar ben forte...
PATAPATÚN TUN TUN!!!

A COMPAÑÍA

Francisco Otero "O Mago Paco" é un mago especialista en maxia infantil. O seu traballo como animador infantil levouno ó recurso da maxia. A partir dese momento, a maxia e o teatro dirixiron a súa traxectoria laboral e artística, **formándose en diversos cursos de teatro, maxia e clown**, ata se converter no gran profesional que é hoxe en día.

Percorre toda a xeografía galega cos seus espectáculos traballando en diversos espazos como teatros, prazas e rúas, escolas, bibliotecas...



PRIMEIRA INFANCIA



VIDEO



DOSSIER



Maxia

Ficha artística

Elenco Noel Fandiño "Mago Noel"

Nome do espectáculo *Que curioso!*

Modalidade artística Maxia, Humor e Clown.

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación Espazo interior ou exterior

Mago Noel

QUE CURIOSO!

O ESPECTÁCULO

Que Curioso! é un espectáculo de maxia moi participativo, colorido e divertido. Combina diversas disciplinas circenses e teatrais co gallo de amosar que a prestidixitación, os malabares, o humor, a música e a poesía crean, por sí mesmas, un **espazo de comunicación xenuíno** entre o mago e o público.

A COMPAÑÍA

O Mago Noel descubre a maxia con 11 anos. Un tempo despois comeza a facer as súas primeiras actuacións. Ao longo deste tempo realiza diversos cursos de formación nas artes escénicas: mimo, teatro, improvisación, clown... No ano 2014 entra en contacto coa escola de novo circo "Circo Nove". Alí comeza a súa **formación** en diversas disciplinas circenses: malabares, portes acrobáticos e clown. Posteriormente crea un espectáculo de teatro de rúa onde se mesturan maxia, acrobacia, danza, monicreques e malabares. Comparte elenco con Sofía e Rober e realizan **xiras por toda a xeografía galega**. Agora, 15 anos despois, o Mago Noel, continúa traballando, ilusionando ás cativas e sorprendendo as maiores.



VIDEO



DOSSIER



Ficha artística

Compañía Magia en la Manga

Nome do espectáculo *Hoxe toca...Maxia!*

Modalidade artística Maxia, humor

Público ao que vai dirixido Infantil e familiar

Idioma Galego

Duración do espectáculo 60 min

Ubicación espazo interior ou exterior

Magia en la Manga

HOXE TOCA... MAXIA!

Cada mago de *Magia en la Manga* ten no seu haber unha ampla experiencia sobre os escenarios, e como compañía dispoñemos dunha gran oferta de espectáculos de maxia unipersoais que non deixarán indiferente a ninguén. Ideais para teatro ou auditorio da túa localidade ou asociación cultural e que farán as delicias de calquera público.

EN SAMAÍN TOCA... MAXIA!

As Poucos días hai no ano tan misteriosos e máxicos como os do Samaín, e para pasalo de medo non hai nada mellor que a maxia! O noso espectáculo temático de Samaín está cheo de maxia sorprendente, divertida e pensada para a ocasión, ademais de incluír un fondo de escenario acorde co tema destas datas para facer de calquera celebración de Samaín ou Halloween un evento inesquecible..

NO NADAL TOCA... MAXIA!

As festas de Nadal sempre son unha ocasión especial, e poden ser aínda máis máxicas co espectáculo temático de nadal de Magia en la Manga. Ademais de ser participativo, divertido e moi máxico, o espectáculo dará un toque único á celebración cun fondo de escenario de nadal e maxia pensado especialmente para estas datas.



VIDEO



DOSSIER



Magia en la Manga

A IGUALDADE NON TEN TRUCO

O ESPECTÁCULO

Por que hai máis magos que magas? É certo que estamos afeitos a ver magos, pero tamén teñen existido e existen hoxe moitas mulleres magas. **A igualdade non ten truco** é un espectáculo de maxia que procura promover a **igualdade de xénero** a través da arte do ilusionismo e das vivencias das **mulleres ilusionistas**. Da man de **Sara Rodríguez** e **Carlos Tomico**, un espectáculo divertido e máximo, pensado para transmitir ademais unha mensaxe moi importante nestes tempos.

A COMPAÑÍA

Magia en la Manga é unha compañía viguesa especializada en espectáculos de maxia para todo tipo de eventos. Integrada por **catro ilusionistas galegas** con anos de experiencia sobre todo tipo de escenarios. As súas prioridades son a **calidade**, a **profesionalidade** e a **versatilidade**, para facer de cada evento unha ocasión especial para calquera público en toda Galicia: maxia en eventos privados, maxia para empresas, maxia educativa...

Na súa traxectoria, **Magia en la Manga** foi recoñecido no **Pont-Up Store 2019** como **mellor proxecto** de emprendemento na categoría de Formación, Educación, Arte e Cultura pola súa orixinalidade, calidade e profesionalidade.

Ficha artística

Compañía **Magia en la Manga**

Nome do espectáculo *A igualdade non ten truco*

Modalidade artística **Maxia, humor**

Público ao que vai dirixido **Infantil e familiar**

Idioma **Galego**

Duración do espectáculo **50 min**

Ubicación **espazo interior ou exterior**



VIDEO



DOSSIER



Falamos?

✉ ola@charlatana.org

☎ +34 637 756 129

🌐 charlatana.org